

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DON LUIS FERNÁNDEZ GUITIÁN, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE SOBER

DECRETO.- No uso das facultades que me confire o artigo 21 da Lei 7/85 de 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local.

Conforme as Bases da convocatoria para a provisión dunha praza de animador/a sociocultural aprobadas por Resolución da Alcaldía de data 3 de marzo de 2021 (incluída na oferta de emprego público extraordinaria do Concello de Sober para o ano 2020 para o proceso de estabilización/consolidación de emprego temporal.

Logo de ver a Resolución de alcaldía de data 25 de maio de 2021 onde se acorda aprobar a lista DEFINITIVA de admitidos e excluídos.

Logo de ver a Resolución de 3 de xuño de 2021 onde se acorda convocar ao tribunal cualificador das probas selectivas do concurso-oposición de DUNHA PRAZA DE ANIMADOR/A SOCIOCULTURAL para a valoración da fase de concurso para o día 11 de xuño de 2021 as 14.15 horas na Casa do Concello de Sober situado na Praza do Concello s/n, 27460 Sober.Lugo.

Acordo:

Primeiro: Fixar a data, hora e lugar de celebración do **primeiro exercicio** DUNHA PRAZA DE ANIMADOR/A SOCIOCULTURAL na data, hora e lugar que a continuación se relacionan:

Data: 2 de xullo de 2021.

Hora: 10.30 horas.

Lugar: Pabellón del CEIP Plurilingue “Virxe do Carme” de Sober, 27460 Sober Lugo.

Segundo: Convocar aos membros do tribunal para a data, hora e lugar anteriormente citados.

Terceiro: Convocar aos admitidos á realización do primeiro exercicio na data, hora e lugar sinalados anteriormente, debendo de ir acompañados do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade.

Cuarto: Publicar esta Resolución no Taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Sober (www.concellodesober.com).

Quinto: Dar conta desta Resolución na seguinte sesión ordinaria do Pleno que se celebre

Mándao e asina o Sr. Alcalde, D. Luis Fernández Guitián; en Sober, na data da sinatura electrónica.

O Alcalde

Ante min, o Secretario

Luis Fernández Guitián

David Criado Taboada